



## DA COR DA MAPOULA OU

escribo unha páxina máis no meu diario de delitos  
contra a propiedade:  
rescato e desato o nome que tocou o teu ventre,  
como algo parecido á verdade,  
e pecho esta casa por fóra.

mapoula e memoria viven,  
como volutas de inventar o mundo, espirais  
onde a mucosa buscará eternamente a forma convexa:

– concédeme só a punta dos dedos nesta insólita paisaxe de violencia  
neste mar onde nego o azul ao lavar as mans,  
cada onda devólve-me aos ollos un rostro diferente:

– arousa non ten horizonte, nin círculos cromáticos coñecidos.

## NO CENTRO DA PERVERSIÓN

devezo polo nome da caixaña de petróleo para nos alimentar,  
penteseila,  
porque a miña lingua está viva,  
é lanza,  
convoca e bebe, aínda  
da abundancia  
nas fendas do teu lagar.

sabor de sentir.

esta vaga inexactitude do eu  
é meu vento que foi dar volta dentro do teu pombal.

[é certo, roma tornouse branca,  
como a vinganza]

gonzalo vázquez